

**NORMAS REGULADORAS DO USO E PRESTACIÓN MUNICIPAL DE
FORNECEMENTO DE BICICLETAS PARA RUTA CICLOTURISTA NO PASEO
SALVATERRA-OLEIROS, DO PARQUE PÚBLICO DE SALVATERRA.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.-

A Lei 7/1985, de 2 de abril, no seu artigo 26.1.a) establece que, entre outros, os concellos de poboación superior aos cinco mil habitantes, por si ou asociados, deberán prestar o servizo de parque público. Pola súa banda, o 25.2.m) do mesmo texto legal, sinala que, en todo caso, exercerá competencias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, en materia de actividades ou instalacións culturais e deportivas; ocupación do tempo libre; turismo.

Tal previsión foi xa cuberta por este concello e non fai moitas datas, ven de entrar en servizo o paseo en duplo carril para viandantes e bicicletas entre o parque público en Salvaterra e a parroquia de Oleiros, nunha lonxitude de tres quilómetros e bordeando a ribeira do río Miño.

O impacto turístico que as dotacións do parque e paseo xerou no medio, a masiva afluencia de adultos, xoves e nenos, crea de por si a necesidade de dotar a tales infraestructuras duns servicios complementarios que fagan máis atractivo o medio público que se oferta á sociedade para o relax e lecer.

En base ao anterior e a fin de potenciar, tanto o mero feito do lecer como o máis importante da preservación da saúde a traveso do exercicio físico tranquilo e repousado, o concello pretende facilitar aos usuarios destas instalacións a dispoñibilidade de bicicletas de paseo, das que o seu uso queda regulado en virtude das presentes normas.

Artigo 11.- Obxecto.

É obxecto das presentes normas, a regulación da posta a disposición dos usuarios do paseo Parque Público Salvaterra-Oleiros, de bicicletas de paseo, con destino ao disfrute do entorno e paisaxística da ribeira do Miño, ou á práctica de exercicio físico moderado.

A presente prestación non impide nin entra en contradición coa utilización de bicicletas de propiedade particular, as cales quedan vencelladas a estas normas unicamente no referente ao mútuo respecto e convivencia cidadá.

Artigo 21.- As bicicletas.

Pertencen ao Concello de Salvaterra de Miño, estando ao servizo de tódolos cidadáns gratuítamente, debendo estes durante o tempo que as teñan no seu poder, velar polo seu bo funcionamento e mantemento.

Artigo 31.- Destino

As bicicletas son un equipamento destinado a proporcionar a aqueles que habitan en Salvaterra de Miño ou visitan esta vila, unha forma saudábel e ecolóxica de coñecer o entorno do río Miño, sendo un medio excelente para desprazarse pola cambiante e sinuosa frondosidade da súa ribeira, disfrutando dun patrimonio natural de gran atractivo.

Artigo 41.- Usuarios

Poderán disfrutar do servizo de uso das bicicletas municipais, tódalas persoas maiores de idade e en pleno uso das súas facultades físicas e mentais que así o desexen.

Tamén o poderán facer menores de idade sempre e cando, durante todo o tempo de utilización do vehículo estean baixo a responsabilidade de persoa que reúna as condicións esixidas.

Así mesmo, poderá facer uso autónomo das bicicletas, as persoas maiores de 16 anos e que aínda non tiveran cumpridos os 18, sempre e cando a solicitude de uso fora formulada polo seu pai, nai ou titor e, expresamente, na mesma solicitude se viñeran a facer cargo e asumir a responsabilidade do uso que o menor viñera a facer do vehículo.

Salvo o disposto no parágrafo anterior, as bicicletas deberán ser conducidas obrigatoria e exclusivamente polas persoas a nome das que se efectúe a concesión, nos termos que se expresan no seguinte artigo.

Artigo 51.- Uso e trámite

O tempo máximo de cesión dunha bicicleta queda establecido en dúas horas ao día. Este tempo de uso, establécese de xeito indicativo, podendo ser variado polo Sr. Alcalde en función das necesidades, afluencia, demanda, etc., que se rexistren na prestación do servizo.

O usuario deberá dirixirse ao posto municipal de bicicletas, radicado nas inmediacións do parque público, onde solicitará o uso dunha bicicleta, para o que deberá exhibir o seu DNI, pasaporte, carnet de conducir ou documento oficial análogo.

O encargado do servizo, procederá ao rexistro dos datos contidos no documento de identificación e unha vez cumprido este trámite devolverá o documento ao interesado, lle entregará unha cédula xustificativa e lle proporcionará unha bicicleta en perfecto estado de

uso, debendo asinar o interesado tal extremo, previa inspección se o desexa do vehículo entregado.

A cesión ou uso da bicicleta non é transmisible a outras persoas,

Unha vez concluída a utilización, a bicicleta deberá ser devolta no mesmo posto onde foi proporcionada e o encargado do servicio deberá facer constar tal extremo no rexistro de control.

Artigo 61.- Área de uso

As bicicletas só poderán ser utilizadas no carril destinado a tal fin e pintado de cor morango do paseo, en todo o seu tramo.

Artigo 71.- Datas e horarios

O servicio prestarase ininterrumpidamente nas datas e horarios seguintes:

- Do 1 de outubro ó 31 de marzo: de martes a sábados, de 9h30 a 13h30 e de 16h00 a 18h00. Domingos e festivos: de 9h30 a 13h30.

- Do 1 de abril ó 30 de setembro: de martes a sábados, de 9h00 a 13h00 e de 18h00 a 21h00. Domingos e festivos: de 9h00 a 13h00.

Así mesmo non se prestara servizo nas seguintes datas: tódolos luns, o 25 de decembro e o 1 de xaneiro, os festivos locais e tódolos domingos e festivos pola tarde.

O precedente horario poderá ser variado por resolución da Alcaldía, en función das necesidades, afluencia, demanda, etc., etc.

Artigo 81.- Reglas básicas de utilización

Os usuarios deberán observar estrictamente as seguintes regras durante o uso das bicicletas:

a) É obrigatorio respectar o horario de funcionamento previsto, quedando prohibida a retención das bicicletas fóra do devandito horario. Tal acto considérase punible e, por conseguinte, sancionábel dacordo coa lexislación vixente.

b) Queda terminantemente prohibido o uso das bicicletas por menores de dezaoto anos, excepto cando o rexistro de utilización da mesma sexa realizado por unha persoa maior de idade, que se responsabilice do menor e do vehículo.

c) Cada bicicleta só pode ser usada por unha persoa.

d) O Concello de Salvaterra de Miño, reservase o dereito de verificar en calquera situación se os usuarios reunen as condicións de capacidade e seguridade para a utilización dos vehículos.

e) As bicicletas serán utilizadas de xeito ordenado e con respecto por outros ciclistas e peóns.

d) Os usuarios deberán respectar aos viandantes e outros usuarios do paseo, non podendo transportar animais.

e) Deberá ser estrictamente cumprida a regulamentación de tráfico e, especialmente a sinalización existente.

f) As bicicletas só poderán utilizar o carril Abici@, definido no artigo 61 das presentes normas.

g) Deberán circular polo lado dereito da calzada, formando unha fila única.

h) Deberán circular a unha velocidade segura de xeito que non xeren perigo para a súa seguridade e a dos outros.

i) Queda totalmente prohibida a carga que poida afectar ao equilibrio do equipamento.

k) Non deberán remolcar nen facerse remolcar por calquera outro vehículo.

Artigo 91.- Mantemento, conservación e estado do material entregado

O mantemento das bicicletas será realizado polo concello ao seu propio cargo, entregándollas ao usuario en perfectas condicións de funcionamento, extremo que poderá comprobar o interesado antes de facerse cargo do vehículo.

Do mesmo xeito, as bicicletas serán inspeccionadas polo persoal encargado do servicio no momento da entrega.

Cando o material que se entrega, non estivera nas condicións adecuadas, polo persoal encargado do servicio, previa a súa comprobación, procederáse á substitución da bicicleta en mal estado por unha en correctas condicións.

Se no momento da devolución da bicicleta, se detectaran danos que poideran estar causados por un uso irresponsábel da mesma, a súa reparación será de conta do usuario, a quen se lle practicará, de acordo coa lexislación vixente, a liquidación que corresponda polos arranxos a que o mal uso das bicicletas dera lugar.

Artigo 101.- Disciplina

Para o cumprimento das presentes regras, o concello de Salvaterr de Miño conta, en primeiro lugar, coa colaboración de tódolos usuarios e, de resultar necesario, con apoio das autoridades competentes, e nomeadamente, da Policía Local.

Polo persoal encargado do servicio, Policía Local ou calquera outro representante dos Corpos de Seguridade do Estado en acto de servicio, poderá ser retirada a autorización e impedir o uso das bicicletas, nos seguintes casos:

B Por atoparse o interesado nun estado que presupoña a embriaguez ou o abuso de estupefacientes, psicotrópicos ou estimulantes, ou causar escándalos públicos.

B Maltratar as bicicletas que se ceder para o paseo facendo un uso displicente e falto de responsabilidade do vehículo.

B Negarse a entregar as bicicletas unha vez concluído o horario de uso.

B Utilizar a bicicleta para facer competicións de velocidade, habilidade, etc., etc., que poidan causar dano ou poñan en perigo a seguridade das persoas, animais ou cousas.

B Manifestarse de xeito incorrecto ou faltarlle ao respecto ao resto de usuarios.

B Transportar a outra persoa na bicicleta.

B Calquera outra que atente contra a seguridade, tranquilidade e convivencia das persoas.

Artigo 111.- Infraccións e sancións

En base ao establecido no artigo 4.1. f) da Lei 7 (1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local que recoñece a potestade sancionadora dos Concellos, e o disposto na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, que establece os principio que deben informar os procedementos concretos que deben establecerse regulamentariamente e, o RD 1398/1993

de 4 de agosto (Reglamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora), ven a establecer o trámite e garantías de tal procedemento, a violación das presente normas, será sancionada de acordo á gravidade dos feitos que se fagan acredores á instrucción de tal expediente.

E n consecuencia, unha vez iniciado o procedemento por violación da normativa que regula o funcionamento do servicio e procedido a instrucción do oportuno expediente, formularase a pertinente proposta de resolución para a imposición da sanción, previa a súa calificación como leve, grave ou moi grave.

Artigo 121.- Vixencia

As presentes normas entrarán en vigor unha vez aprobadas polo Pleno da Corporación.